Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións en materia de transparencia reflectidas no informe elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente e titulado *O control e a execución da política pesqueira en España. Informe final 26.07.2017*, a elaboración pola Xunta de Galicia do informe final de resultados correspondente ao programa autonómico de control da rastrexabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura e o cumprimento dos requisitos establecidos pola Unión Europea na materia, así como as medidas previstas ao respecto

- 26466 - 21004 (10/PRE-007516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a posición trasladada pola Xunta de Galicia á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para a defensa dos intereses do sector pesqueiro galego diante dos demais ministros europeos de pesca e da Comisión Europea nas negociacións que se van levar a cabo no mes de decembro de 2017

- 26464 - 21535 (10/PRE-007523)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos referidos ás convocatorias e cursos de formación levados a cabo pola Consellería do Mar ano 2017 en materia náutico-pesqueira, técnicas de mergullo e seguridade e acuicultura, así como a tramitación das solicitudes presentadas polo alumnado

- 26462 - 22576 (10/PRE-007551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a garantía pola Consellería de Sanidade da entrega dos informes clínicos a todos os pacientes que solicitan altas voluntarias no Sistema público de saúde de Galicia, a súa opinión referida á queixa presentada ante o Valedor do Pobo pola Asociación de Médicos Interinos de Galicia e a existencia dalgunha outra formulada respecto disto por pacientes

- 26597 - 22592 (10/PRE-007555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael, situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización dun estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista ao respecto

- 26461 - 23617 (10/PRE-007617)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a reforma impulsada polo Goberno galego relativa ao sector das farmacias e á redución á metade da puntuación do coñecemento da lingua galega no baremo específico de méritos para a adxudicación de novas oficinas de farmacia

- 26460 - 23905 (10/PRE-007632)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da distribución pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de agasallos nos que se exclúe o uso da lingua galega

- 26459 - 24338 (10/PRE-007674)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade referida á xestión levada a cabo coa privatización da electromedicina e as medidas previstas para evitar as deficiencias detectadas nos servizos prestados e os sistemáticos incumprimentos da empresa adxudicataria durante a vixencia do anterior contrato

- 26458 - 24401 (10/PRE-007678)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada polo conselleiro de Sanidade, xunto coa directora da Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde, o día 5 de decembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos

- 26457 - 24834 (10/PRE-007763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas ante a problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e ao número de tarxetas adscritas ao centro

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14702**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a actual dependencia de Galicia na produción de semente de moluscos bivalvos”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca ‘pescadeRías, de onde se non?’.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26650
Data envío: 21/02/2018 09:19:23.592

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:19:14



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14718**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para solicitar a inclusión na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar dos colectivos de percebeiros, mariscadores, redeiras e outros que non realizan a súa actividade a bordo de embarcacións”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que tanto as persoas percebeiras, mariscadoras e redeiras teñen dereito a todas as prestacións sociais ao igual que o resto de traballadores/as, agás no caso das axudas non contributivas de pago único, para aquelas persoas embarcadas e nas que se abona soamente por casos concretos, por exemplo:

- Perdas de equipaxe no caso de naufraxio
- Traslado en caso de falecemento ou enfermidade que esixa evacuación (e non estea cuberta polo seguro do buque ou empresa)

Por outra banda, cómpre lembrar que o ano pasado foi convocada a Comisión Sectorial de Política Social do Consello Galego de Pesca, tanto para analizar estes casos máis pormenorizadamente xunto ás posibles accións a adoptar nun futuro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26623
Data envío: 21/02/2018 09:08:06.119

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:08:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26480
Data envío: 19/02/2018 14:23:16.084

Data 19/02/2018 14:23

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 14790**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre “**a valoración da Xunta de Galicia en relación cunha posible privatización da lonxa de Vigo**”, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 28 de setembro de 2017 ao darlle resposta á pregunta 14789 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: ffa68c84-3931-2a29-6a98-cd732e6cbdf4

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26480
Data envío: 19/02/2018 14:23:16.084

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:23:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15170**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as conclusións do expediente informativo anunciado polo Goberno galego en relación cos protocolos de traballo seguidos polas compañías distribuidoras de electricidade respecto cos cortes na subministración da enerxía eléctrica producidos durante os temporais dos primeiros días de febreiro de 2017”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da iniciativa 15031 que tivo lugar na sesión do 3 de novembro de 2017 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2017-11-03?part=7f051880-192c-4595-b085-9af5c107ff0f&start=691.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26621
Data envío: 21/02/2018 09:07:39.447

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:07:28



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16024**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo previsto polo Goberno para a consignación dunha partida orzamentaria suficiente para construír o Centro de Saúde de Salceda de Caselas comprometido”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras para a construción do centro de saúde de Salceda de Caselas están pendentes de licitación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26618
Data envío: 21/02/2018 09:07:00.134

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:06:53



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 16116**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto dos resultados do proceso de venda dos dous helicópteros de salvamento marítimo mercados no ano 2005 e contratación dos actuais”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A adxudicación do servizo autonómico de salvamento marítimo realizouse con total transparencia e cumprindo estritamente a lexislación. A empresa á que se adxudica o contrato foi a única admitida na licitación e a súa oferta cumpre con todas as prescricións técnicas que figuran nos pregos.

Sobre a consulta pública e o prezo do contrato, sinalar que a licitación deste servizo realizada en abril de 2017 por un prezo de 6,5 millóns de euros anuais quedou deserta. Só se presentou unha oferta que non foi admitida por incumprimento dos requisitos mínimos de solvencia económica e técnica.

Por este motivo, a Consellería do mar impulsou unha consulta pública de mercado totalmente transparente con obxecto de solicitar información sobre as estruturas de custos reais e actualizadas que supón a prestación do servizo dun helicóptero con destino ás misións propias do servizo de salvamento marítimo de Galicia. Desta consulta resultou o prezo de 8,2 millóns de euros anuais (32,9 millóns de euros para o período de catro anos).

Este prezo non supón un encarecemento do servizo con respecto ao contrato adxudicado no ano 2012, de feito, ten un custo inferior.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26478
Data envío: 19/02/2018 14:22:57.709

No contrato asinado no ano 2012 o custo do servizo foi de 8,9 millóns de euros anuais, supoñendo, por tanto, a partir de agora un aforro de 700.000 euros anuais. O servizo non se encarece, ao contrario, rebáixase nun total de 2,4 millóns de euros para todo o período do contrato.

Por outra banda, en canto á venda dos helicópteros, ao igual que calquera outra máquina deste calibre, as aeronaves van envellecendo e requiren dun maior mantemento. Tras sometelo a criterio técnico e a unha taxación, no 2012 decidiuse optar por unha fórmula que permitise no futuro acceder a un Servizo de salvamento máis moderno e eficaz”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26478
Data envío: 19/02/2018 14:22:57.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:22:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16419**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das consecuencias económicas e xurídicas da anulación do concurso eólico do Goberno bipartito”**, (publicada no BOPG número 178 do 20 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“As últimas sentenzas demostran que a seguridade xurídica do concurso eólico galego está blindada, e ratifican a legalidade e a constitucionalidade da lei eólica tramitada por este Goberno. Ademais, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créase o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, xa se contemplaba a posibilidade de que as empresas que se presentaran ao concurso do Bipartito tivesen dereito á indemnización polos gastos xustificados e imprescindibles nos que tivesen incorrido.

Por outra banda, mencionar que este Goberno está a marcar desde sempre unha senda para a dinamización do sector eólico baseado no rigor, adoptando diferentes medidas técnicas, administrativas, legais e financeiras. Este marco de apoio, xunto ás últimas poxas de enerxías renovables, teñen posibilitado a oportunidade de que Galicia poida superar os 4.000 MW en funcionamento en 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26616
Data envío: 21/02/2018 09:06:37.775

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:06:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26477
Data envío: 19/02/2018 14:22:48.912

Data 19/02/2018 14:22

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 17210**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as melloras que supuxo para o Servizo de Gardacostas de Galicia a externalización do servizo”**, (publicada no BOPG número 182 do 27 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O corpo de Gardacostas de Galicia é un servizo público, de titularidade pública, que está xestionado, dirixido e coordinado pola Administración Autonómica.

Indicar que para unha maior información se pode consultar a resposta que sobre este asunto se deu na Comisión 8ª do 28 de setembro de 2017 pola Secretaria Xeral Técnica, a través da resposta á iniciativa 12909”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26477
Data envío: 19/02/2018 14:22:48.912

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:22:41



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 17666**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a normativa na que se basea a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula”**, (publicada no BOPG número 187 do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23405 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26611
Data envío: 21/02/2018 09:05:47.634

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:05:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26476
Data envío: 19/02/2018 14:22:34.631

Data 19/02/2018 14:22

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 17701**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da mellora do Servizo de Gardacostas de Galicia, coa blindaxe dos cargos de libre designación de subdirector, xefes ou xefas de servizo e xefes ou xefas das unidades operativas, permitindo a súa cobertura con persoal alleo ao servizo e dotándoo das atribucións propias do seu persoal funcionario”**, (publicada no BOPG número 187 do 5 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A lei de gardacostas establece que os membros do servizo teñen a condición de autoridade e non distínguese se pertencen á escala ou non. De aí que todos os membros poidan usar os elementos distintivos, entre os que está o uniforme.

Esta cuestión foi ratificada pola asesoría xurídica xeral no seu informe do decreto de ordenación e funcionamento do servizo de Gardacostas e o texto foi negociado cos sindicatos, que o votaron favorablemente.

En canto ás competencias do persoal, hai que aclarar que os axentes exercen as súas funcións (que non autoridade) polo posto que desempeñan”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26476
Data envío: 19/02/2018 14:22:34.631

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:22:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18285**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ás posibles repercusións na industria electrointensiva galega das modificacións que pretende o Goberno central no sistema de poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central continúa a traballar nunha adaptación dos mecanismos actuais en concordancia con compromisos europeos adquiridos e a súa adaptación á normativa comunitaria. Así pois, desde a Xunta estase en contacto co Ministerio de Enerxía, Turismo y Agenda Digital para que o futuro sistema aporte máis certeza e máis garantías ao desenvolvemento da actividade e investimentos das empresas electrointensivas afincadas en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26609
Data envío: 21/02/2018 09:05:23.634

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:05:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26606
Data envío: 21/02/2018 09:04:53.321

Data 21/02/2018 09:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18600**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“os avances acadados polo grupo de traballo formado por Portos de Galicia, a Demarcación de Costas e o Concello para a establecer un plan de actuación co fin de reparar o impacto das obras de construción do dique de abrigo do porto de Sanxenxo na praia da Carabuxeira e o seu contorno, nas vivendas afectadas e no litoral”**, (publicada no BOPG número 195 do 18 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia límtase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, sí que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto propónse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Por último, sinalar que Portos de Galicia ten en marcha a execución do acordo parlamentario mediante o cal se está a buscar unha solución técnica a través dunha mesa

paxina 1 de 2

de traballo a tres bandas na cal están presentes as tres partes implicadas (Concello, Demarcación de Costas e Portos de Galicia).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26606
Data envío: 21/02/2018 09:04:53.321

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:04:48



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19465**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as conclusións dos traballos levados a cabo polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos dende o 1 de xaneiro de 2016, en desenvolvemento do convenio de colaboración asinado coa Conselleira do Mar o 29 de decembro de 2015”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Convenio que a Consellería do Mar asinou o 29/12/2015 co Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, tiña como obxecto a realización polos facultativos do COIN de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables polo FEMP.

Polo tanto, os traballos realizados ao seu amparo, céntranse exclusivamente no obxecto propio, colaborando coa Consellería do Mar na boa execución do FEMP, sen que teña ningún outro cometido.

Este Convenio non é o primeiro, senón que xa no ano 2007, en concreto o 10 de maio, foi asinado un Convenio entre a daquela Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o COIN para a realización de certos traballos. Posteriormente o 21 de novembro de 2007 modificouse, ampliándose o seu obxecto para a realización de traballos vinculados co IFOP.

Este Convenio finalizou o 17 de abril de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26473
Data envío: 19/02/2018 14:21:49.349

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:21:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19571**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia da posición das confrarías galegas respecto das intencións da Consellería do Mar referidas á xestión das zonas marisqueiras”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, cómpre analizar o número de permex nos últimos 12 anos. Así, mentres no período 2005-2009 o número de altas de novos permisos de marisqueo a pé foi de 633, durante o período 2009-2014 foi de 1.053 permex, e 949 dos últimos 3 anos, o que representa un 66,3 % máis e un 50% máis, respectivamente, con respecto ao período anterior 2005-2009.

Ademais, para 2018 prevese a convocatoria de máis de 300 permisos de explotación para marisqueo a pé xeral e de recursos específicos.

Por outra banda, a Consellería do Mar, a longo dos diversos períodos de programación de fondos europeos, subvencionou actuacións de mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros, coñecidos como proxectos de rexeneración .

Ao longo do período 2010-2017, recuperáanse máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie, grazas á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas, cun financiamento de arredor de sete millóns de euros.

A maiores, a recuperación de mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para esta lexislatura. De feito, ao abeiro do FEMP, para o período 2016-2020, investíranse 37 millóns de euros para protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través

dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, e fomentar a sensibilización ambiental.

Por último, non consta deste Departamento ningún malestar por parte das Confrarías con respecto a este asunto formulado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 09:58
Nº Rexistro: 26406
Data envío: 19/02/2018 09:58:41.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 9:58:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19590**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do artigo 25 da Lei 11/2017 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que considera a atención psicolóxica como un servizo de atención primaria na atención á violencia machista”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera prioritario garantir a protección das vítimas, especialmente das vítimas da violencia de xénero.

Para cumprir este obxectivo, a Secretaría Xeral da Igualdade coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día. Tamén se creou o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

Ademais, a Xunta de Galicia vén de crear na relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG Núm. 64, do 31 de marzo) 7 prazas de persoal psicólogo e 7 de traballador social, incrementando nun 70% o persoal desta categoría destinado no Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Con estas novas catorce prazas, facilitarase a atención das valoracións e elaboración de informes que lles sexan requiridos polos xuíces e xuízas ao Imelga, como adoita suceder no

ámbito penal nos procesos por violencia de xénero e doméstica, entre outros. Deste xeito, o Goberno galego segue avanzando cara unha xustiza máis áxil e eficiente.

Asemade, o pasado mes de setembro a Xunta de Galicia asinou convenios cos Colexios Oficiais de Psicoloxía e de Traballo Social de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais, coa finalidade de axilizar os informes no Xulgados de Familia, tendo ambos convenios vixencia ata o fin de 2017.

Por último, outro avance recente que cómpre lembrar, é que o Goberno galego puxo en marcha o pasado mes de outubro, grazas a un convenio asinado co Colexio Oficial de Psicólogos, o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas nos Xulgados das sete grandes cidades galegas.

Dada a importancia desta atención, a Xunta anunciou no pasado mes de xaneiro que lle dará continuidade e estabilidade, pasando a ser prestado o servizo por persoal propio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26604
Data envío: 21/02/2018 09:04:33.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:04:27



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26493
Data envío: 19/02/2018 14:25:58.710

Data 19/02/2018 14:25

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19639**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego resolver o problema das flotas do cerco e do xeito diante da escaseza de sardiña”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 25 de xaneiro de 2018 ao darlle resposta á pregunta 19658 sobre o mesmo tema”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26493
Data envío: 19/02/2018 14:25:58.710

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:25:53



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 19845**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da cota de bocareu asignada na actualidade a Galicia na zona IXa”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do lces á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguíuse intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios doutras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26469
Data envío: 19/02/2018 14:20:59.286

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:20:55



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 20638**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para demandar a apertura da pesquería da cigala na zona VIIIc, para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 219 do 29 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente o pasado 23 de xuño de 2017 aprobouse non unha, senón varias Proposicións non de lei sobre a necesidade de reabrir a pesquería de CIGALA VIIIc para o ano 2018, todo a pesar que había unha intención de todas as forzas políticas en facer unha Proposición non de lei conxunta.

Por outra banda, efectivamente somos coñecedores dos resultados do estudo realizado polo IEO a propósito da pesquería da cigala, no que se recomenda a reapertura desta pesquería para a zona VIIIc, despois dos datos presentados para o ano 2015 e 2016 nos que se recoñecía a abundancia de stock.

Neste sentido, o ICES recomenda que haxa reaperturas con cuota reducida e que ademáis debe aplicar un enfoque de precaución para protexer as existencias nestas unidades.

Por último, os resultados das negociacións dos TAC e cotas para 2018, no tocante ao peche da cigala, a Comisión demandou ao Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) que reavalie a pesquería tendo en conta os datos achegados polo Goberno de España, cuestión de suma importancia xa que o ditame de peche era válido para os exercicios 2017, 2018 e 2019. Cabe sinalar tamén que nas augas de Gran Sol e Francia obtívose un aumento do 15% na cota da cigala”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26503
Data envío: 19/02/2018 15:13:11.322

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 15:13:06



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 21005**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a posición trasladada pola Xunta de Galicia á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para a defensa dos intereses do sector pesqueiro galego diante dos demais ministros europeos de pesca e da Comisión Europea nas negociacións que se van levar a cabo no mes de decembro de 2017”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, cómpre lembrar que foi a propia conselleira do Mar, quen acudiu a Bruxelas da man da Ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para representar a España no Consello no que se negocian os TACs e cotas para o ano 2018.

Así, Galicia avogaba por que as variacións de TACs e cotas entre un ano e outro estean dentro do 15% arriba ou abaixo.

Tras varios días de negociacións, temos que valorar os resultados como netamente satisfactorios en liñas xerais, sobre todo tendo en conta a situación de partida da Comisión Europea.

Así, dos 23 obxectivos de importancia sinalados para a negociación por parte de Galicia, conseguíronse total ou parcialmente 16 deles, o 69%.

Entre eles destaca a non inclusión dun TAC para a sardiña e o freo ao peche da anguía, que será sometida a unha veda de 4 meses.

Conseguíronse tamén avances importantes na pescada, tanto no Cantábrico Noroeste coma no Gran Sol. Así, no Cantábrico se conseguiu que só se rebaixase un 12% en lugar dun 30% que propuña inicialmente a Comisión. No caso do Gran Sol, a rebaixa da pescada quedou nun 7% en lugar do 30% proposto ao principio.

Ademais, hai que destacar o incremento da cota do galo no Cantábrico Noroeste, o mantemento da do rape e o aumento da cota da raia, que medrou nun 15%, unha especie moi importante para a nosa frota artesanal.



Pola contra, non se logrou frear a caída do xurelo nas augas de Fisterra cara ao sur. Non obstante, existe a posibilidade de que Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) avalíe o trasvase de posibilidades de pesca entre as zonas VIIIc (Cantábrico) –na que se acadou un incremento da cota do xurelo dun 21%- e a IXa (de Fisterra cara ao sur), buscando un trasvase de cota que alcance entre o 15% e o 25%. Existe un compromiso adquirido por parte da Ministra Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para intentar equilibrar esa deficiencia, co que estaríamos nas mesmas posibilidades de pesca de xurelo que o ano pasado.

Por segmentos de frota, a do Gran Sol queda nunha boa situación tras a negociación. No caso da frota costeira, principalmente a de artes menores, cómpre mellorar a xestión en especies coma a pescada e neste sentido, xa houbo conversas para facer un plan de xestión trimestral e poder axustar mellor o esforzo pesqueiro ás posibilidades de pesca.

En resumo, Galicia poderá pescar no ano 2018 un 4% máis con respecto á proposta inicial da Comisión Europea, e das 36 cotas principais que posúe España na área do Atlántico europeo, hai que sinalar que:

- Soben 9 (25%)
- Mantéñense 17 (47%)
- Baixan 10 (27%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26465
Data envío: 19/02/2018 14:20:23.192

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:20:18



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21037**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das condicións laborais do profesorado”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23405 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26601
Data envío: 21/02/2018 09:03:57.055

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:03:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 11667**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os obxectivos do Goberno galego en relación co aumento dos servizos do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos a curto e medio prazo, o coñecemento dos problemas detectados polo persoal do centro e a súa opinión respecto da adaptación dos servizos que se están a prestar nese hospital, ás necesidades da poboación”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento polo conselleiro de Sanidade no Pleno que tivo lugar o 20 de decembro de 2017, ao darlle resposta á pregunta 20721, na que fixo unha valoración da situación na que se atopa o Hospital de Monforte ademais de concretar que as demandas do persoal do Hospital de Monforte, como as do resto dos centros hospitalarios son analizadas e avaliadas tanto co propio persoal como cos órganos de participación do mesmo, adoptando as decisións acordes ao prantexamento de cada momento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26491
Data envío: 19/02/2018 14:25:22.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:25:18

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12937**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a falta de prazas de medicina e enfermería no verán dos centros de saúde de Folgoso do Courel”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que se refire á cobertura do persoal sanitario na categoría de facultativos, véñse producindo un déficit de recursos de persoal nas listas de vinculacións temporais, habitualmente esgotadas, facendo difícil a substitución das ausencias regulamentarias do persoal.

Para a planificación da cobertura destes permisos regulamentarios a EOXI ten en conta as diferentes formas de cobertura das ausencias establecidas no artigo 3 da Orde de 4 de xuño de 2008, pola que se da publicidade a determinados acordos sobre ordenación e previsión de postos de traballo e condicións de traballo e retribucións no ámbito da atención primaria e valórase a cobertura das ausencias no conxunto da área, utilizando os recursos dos que dispoñemos aí onde son máis necesarios ao tempo que se garante que, en todo momento, existan profesionais suficientes para unha adecuada atención.

Os Centros de Saúde funcionan en horario de 8hs a 15 hs os días laborables.

En días alternos hai no concello un dispositivo médico e de enfermería localizado e habilitado para as demandas de asistencia, en horario de 15hs a 22 hs os días laborables e de 8hs a 22hs os domingos e festivos nos Centros de Saúde de Folgoso e de Seoane.

No horario nocturno a prestación localízase no PAC de Quiroga, ofertando asistencia no mesmo pero tamén asistencia a domicilio a través dos medios de transporte de enfermos e de profesionais con que está dotado.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 16:46
Nº Rexistro: 23950
Data envío: 23/01/2018 16:46:55.583

Desde a EOXI estanse a realizar importantes esforzos para manter de xeito continuado o cadro de persoal dos nosos centros, levando a cabo actuacións para adecuar e reordenar a asistencia pediátrica, tanto funcional como de horarios de cara a garantir a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 7d7a2788-3000-ceb0-4629-18a97a4551d0

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 16:46
Nº Rexistro: 23950
Data envío: 23/01/2018 16:46:55.583

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2018 16:46:51



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13215**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a execución do proxecto e obra do novo centro de saúde de O Vinteún, en Ourense”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao centro O Vinteún, asinouse o 9 de xaneiro de 2009, un protocolo de cooperación entre o Sergas e o Concello de Ourense, onde se establecían as bases para a futura construción dun novo centro de saúde no barrio do Vinteún. Como consecuencia deste protocolo o concello cedeu o Sergas en escritura pública, o 5 de maio de 2011, un terreo nesta zona.

En relación á finca en cuestión, con data 20 de setembro de 2011 o propio Concello de Ourense comunicou a interposición dun recurso, no Procedemento ordinario 239/2011, seguido no Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense, contra o Acordo do 2 de marzo de 2011, da Xunta do Goberno Local, do Concello de Ourense, polo que se concedía a licenza de obra para a construción do Centro de Saúde. A sentenza recaída o 26 de febreiro de 2013 estima o recurso anulando o referido Acordo, revocándoo e deixándoo sen efecto.

O Concello de Ourense presentou Recurso de Apelación que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimou.

Posteriormente, o 26 de novembro de 2013, a interesada no recurso anterior, nos informa da inviabilidade da concesión dunha nova licenza, dado que a Area de Reparto á que pertence a parcela cedida está sen desenvolver urbanísticamente, non se produciu equidistribución nin reparcelación, sendo a adquisición inicial por parte do Concello de Ourense de ocupación directa en proxecto de equidistribución.

Polo que para seguir co proxecto e evitar calquera prexuízo en futuras inversións na parcela recorrida, o Concello debe proceder a subsanación de calquera problema que poida xurdir en relación ao predio en cuestión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26639
Data envío: 21/02/2018 09:11:19.808

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:11:15



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13649**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a substitución das ausencias do persoal sanitario no Centro de Saúde de Cuntis e a asunción do mantemento dese centro polo Sergas”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O municipio de Cuntis durante o 31 de xullo tivo sempre atención sanitaria. É certo que entre as 8:00 hs e as 09:25 hs non houbo médico de presenza física no Centro de Saúde por circunstancias sobrevidas, pero o municipio tivo atención sanitaria, xa que se deron as correspondentes instrucións ao Centro de Saúde de Caldas para que no caso de producirse algunha urxencia se atendese no mesmo (isocrona 8-10 minutos aprox.). Tamén se informou ao 061 da situación, e no Centro de Saúde de Cuntis había persoal administrativo e de enfermería. A atención sanitaria de Cuntis en ningún caso sufriu ningún abandono e as coberturas das ausencias de persoal neste Centro realízanse con criterios exclusivamente técnicos. A formación e profesionalidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde garante unha adecuada atención sanitaria ás veciñas e veciños de Cuntis e as ausencias do persoal son sempre cubertas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26638
Data envío: 21/02/2018 09:11:10.511

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:11:05



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13893**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o mantemento do mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante o verán que o resto do ano e os datos concretos de ocupación e contratación durante a época estival”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tanto na Consellería de Sanidade como no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade ás persoas diagnosticadas de fibromialxia.

Constituíuse un grupo de traballo multidisciplinar de profesionais do ámbito da atención primaria e hospitalaria, expertos no manexo de pacientes con fibromialxia, co obxectivo de elaborar un documento de consenso de atención á fibromialxia.

Este grupo de traballo desenvolveu o Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia, que concreta, de maneira clara e precisa, a sistemática de atención a estas/estes pacientes, coordinando os distintos profesionais implicados en todos os niveis asistenciais, para minimizar os tempos de espera, facilitar a continuidade asistencial e basear a práctica clínica na mellor evidencia científica dispoñible.

O documento do Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia publicouse no ano 2013 e presentouse en todas as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIs). Así mesmo, está dispoñible para os profesionais implicados na atención a pacientes con fibromialxia na Intranet da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde ([http://intranet/DOCUMENTOSAsistencia%20Sanitaria/201311/PAI_FIBROMIALGIA_261113\[1\]_20131128_110817_4381.pdf](http://intranet/DOCUMENTOSAsistencia%20Sanitaria/201311/PAI_FIBROMIALGIA_261113[1]_20131128_110817_4381.pdf)), e para a cidadanía en xeral na extranet da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde (<http://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/625/Proceso%20asistencia>

[l%20integrado%20de%20atenci%c3%b3n%20%c3%a1%20fibromialxia.pdf\).](#)

Outro aspecto que favorece a mellora na abordaxe das enfermidades é a participación das/dos cidadás/cidadáns na xestión do Sistema Publico de Saúde, que no caso da fibromialxia está representada por distintas asociacións no Consello Asesor de Pacientes.

Na procura de poder identificar ás/aos pacientes afectadas/os por fibromialxia en Galicia, no mes de maio de 2013 realizouse unha petición expresa por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, á Unidade Técnica de Codificación con CIAP-2 (Clasificación Internacional de Atención Primaria) do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa intención de codificar dunha forma máis certa a estas persoas. O Ministerio procedeu a desdobrar un código diagnóstico inespecífico previo, coa fin de identificar correctamente a través dos sistemas de información corporativos ás/aos pacientes xa diagnosticadas/os desta patoloxía na historia clínica electrónica (IANUS en Galicia).

Este código quedou reflectido no Proceso asistencial integrado de atención á fibromialxia do Servizo Galego de Saúde para fomentar a identificación inequívoca destas persoas. Desde esta data ata o 31 de decembro de 2016, están correctamente identificados en IANUS un total de 6.454 pacientes (6.239 mulleres e 215 homes).

No que respecta á consideración da fibromialxia a efectos de incapacitación laboral, é competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

Na actualidade a adaptación ou cambio de posto de traballo por razóns de protección da saúde no Servizo Galego de Saúde, está regulada pola seguinte normativa:

- A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, no seu artigo 25 establece a obriga empresarial de garantir de xeito específico a protección dos e das traballadores/as que polas súas singulares características persoais, ou estados biolóxicos coñecidos, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo.
- A Consellería de Sanidade establece na Orde do 16 de setembro de 2008 o



- procedemento para a adaptación de postos e condicións de traballo por razóns de protección da saúde e da maternidade nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. Esta Orde modificouse no artigo 5 pola Orde do 8 de novembro de 2012.
- A Orde do 8 de novembro de 2012, establece no seu artigo único, que modifica o artigo 5º da Orde do 16 de setembro de 2008: 'as actuacións de adaptación das condicións de traballo, ou de adscrición temporal a outro posto de traballo, adoptaranse cando e na medida en que sexa preciso para garantir a seguridade e saúde do/a traballador/a, con aplicación pola súa orde dos criterios establecidos nos artigos 33 e 34 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo'.

Na actualidade, no Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) de Santiago de Compostela existe un equipo de profesionais pertencentes ao grupo de neurociencia cognitiva do **Grupo de Investigación en Neurociencias** que está a traballar nun proxecto que ten como obxectivo a **avaliación neuropsicolóxica e psicofisiolóxica de persoas con fibromialxia** (<http://www.idisantiago.es/neurociencias/>).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26497
Data envío: 19/02/2018 14:26:34.242

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:29



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13901**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas que hai que adoptar para frear e combater o intrusismo laboral de practicantes sen formación nin titulación sanitaria axeitada e os problemas fiscais que trae consigo”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sistema Público de Saúde de Galicia está configurado por diversos principios reitores, dos que hai que destacar, por un lado, a calidade do servizo que se presta e, por outro, a acreditación e avaliación continua dos propios servizos.

A calidade ten como finalidade a de outorgar seguridade na atención clínica e na organización dos servizos sanitarios e a acreditación e avaliación teñen como fin último dispor de centros, establecementos e servizos controlados e garantidos pola Inspección de Servizos Sanitarios.

En definitiva a administración sanitaria ten establecido un réxime de autorizacións de funcionamento de centros, establecementos e servizos que ao facerse públicos garanten que todas as persoas poidan comprobar que un determinado centro dispón ou non de autorización.

A Consellería de Sanidade ten publicada na súa páxina web (www.sergas.es) a relación de centros, establecementos e servizos que dispoñen de autorización, polo que calquera persoa pode coñecer en calquera momento a realidade dun centro sanitario.

Por outro lado, a Inspección de Servizos Sanitarios realiza a comprobación de que os centros, establecementos e servizos dispoñen de autorización de forma continuada, actuando igualmente nos casos en que ten coñecemento da realización de actividades sen o

control adecuado.

A eficiencia do Sistema Público de Saúde de Galicia é ben coñecido polos usuarios e así o manifestan nas enquisas que se publican. En todo caso, a mellora dos obxectivos de calidade e de transparencia é unha finalidade propia da administración sanitaria que contribúe a incrementar a confianza dos usuarios no sistema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26505
Data envío: 19/02/2018 15:13:30.822

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 15:13:25



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13967**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o procedemento levado a cabo polo Goberno galego para a reforma da Lei 8/2008, de saúde de Galicia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á información facilitada polo Conselleiro de Sanidade para dar resposta ás interpelacións acumuladas números 13965 e 14385 debatidas no Pleno do día 13 de setembro de 2017, sobre o mesmo tema .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26495
Data envío: 19/02/2018 14:26:15.898

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14071**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reforma da planta de hospitalización de psiquiatría do Hospital Provincial de Pontevedra, despois do incendio de setembro de 2016 que deixou as instalacións inutilizables”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Con data 11 de setembro de 2016 produciuse un incendio na zona de hospitalización de psiquiatría situada na planta 3ª do Hospital Provincial en Pontevedra.

Segundo informe do xefe de servizo de psiquiatría soamente se podían reubicar na unidade de hospitalización readaptada aqueles doentes de patoloxías menos graves que non necesitan especiais medidas de seguridade, tendo que desviar todos os demais a outros centros do Servizo Galego de Saúde e incluso concertados, para garantir así a seguridade de doentes e do persoal e os coidados que precisan.

Con estes condicionantes e para recuperar no menor prazo posible a plena operatividade da unidade de psiquiatría ubicada na planta 3º do Hospital de Pontevedra, as actuacións limitáronse á reposición e renovación dos elementos afectados, tanto de instalación (alumeando, electricidade, chamada doente-enfermeira, detección, etc) como de obra civil (falsos teitos, revestimentos de paredes e solos, portas, carpintería exterior de aluminio e vidros, etc..) e de mobiliaria xeral e clínico.

Recurriuse a unha empresa especializada e acreditada, para o control das estruturas de formigón e forxados para que certificasen a afectación da estabilidade e seguridade certificando a non afectación. Consecuentemente, ao non afectar a elementos estruturais e de circulacións e vías de evacuación, non se realizou un proxecto global de obra senón actuacións parciais de reposición sobre os elementos afectados.

Estas actuacións foron realizadas por empresas especializadas segundo cada unidade funcional de actuación ou especialidade de instalación. Ademais, a actuación de renovación de cada tipo de instalación foi realizada por empresa debidamente autorizada ante a administración industrial correspondente. A relación de empresas que realizaron as actuacións é a seguinte:

Descrición dos traballos	Adxudicatario	Importe (con IVE)
Desmontaxe inicial e retirada a vertedoiro dos elementos afectados polo incendio.	DECO REDE RIVAS SL.	7.502,00 €
Suministro e instalación de portas de paso de habitacións e outros locais.	FREITER SL	16.100,26 €
Sustitución de carpintería metálica de aluminio e vidros de seguridade.	ALUMINIOS J.B. TENORIO S.L.	7.875,30 €
Arranxo de marcos metálicos, ventás e rexeas así como reposición de vidros.	ALUMINIOS J.B. TENORIO S.L.	3.040,15 €
Recercados, portas e divisións interiores de armarios.	FREITER SL	5.252,91 €
Reforma e unificación de cerraduras existentes	ALUMINIOS J.B. TENORIO S.L.	745,36 €
Instalación eléctrica de alumeados, mecanismos eléctricos e instalación de forza.	IMELFA SA	11.810,11 €
Reposición sistema de detección de fogo e renovación 2 bocas de incendio	JOMAGAR SL	3.533,16 €
Ampliación de instalación eléctrica, instalación de video-porteiro e reforma de cableado estruturado de comunicacións	IMELFA SA	6.770,58 €
Suministro e instalación sistema de chamada doente-enfermaría.	IMELFA	5.515,11 €
Saneado e pintura de teitos e paredes de escaleiras ata planta 4ª e zonas de non hospitalización.	DECORACIONES SEÑORANS SL	10.064,17 €
Suministro e montaxe de falsos teitos, reposición de losetas en local foco incendio, en aseos e outros, apertura e tapado de huecos de albañilería, limpeza e preparación de tabiques e revestimento texturizado e pintado.	DECO REDE RIVAS SL.	60.427,40 €
Reforma de conductos de ventilación en zona de control	ECOCLIMA APLICACIONES SL	229,90 €
Colocación 6 rexillas extracción de diversos locais	ECOCLIMA APLICACIONES SL	283,14 €
Inspección formigón solo zona foco incendio	CUALICONTROL-ACI S.A.U.	1.089,00 €
Adaptación de rexillas de ventilación en aseos	ECOCLIMA APLICACIONES SL	364,65 €
Subministro e instalación equipo aire acondicionado autónomo para zona estar doentes.	ECOCLIMA APLICACIONES SL	3.811,50 €

144.414,69 €

paxina 2 de 3



A suma global dos citados traballos ascende a 144.414,69€.

As distintas contratacións foron realizadas polos servizos técnicos de mantemento correspondente da EOXI de Pontevedra e O Salnés. O procedemento para a contratación das distintas actuacións é o establecido para os contratos menores con arreglo ao artigo 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, xa que os importes das actuacións encóntranse dentro dos límites establecidos no citado artigo.

En canto as medidas de seguridade, se tiveron en conta as de protección colectiva e individual para cada tipo de traballo, segundo os correspondentes estudos de avaliación de riscos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26504
Data envío: 19/02/2018 15:13:20.822

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 15:13:15



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14245**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión da apertura do centro de saúde do Couto (Ourense)”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto (Ourense) entrou en funcionamento o 27 de novembro de 2017, unha vez executadas as obras de urbanización do entorno que foron imprescindibles para a concesión da licenza de ocupación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26633
Data envío: 21/02/2018 09:10:16.792

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:10:09



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14381**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o procedemento seguido polo Goberno galego para a elaboración e presentación do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, así como as razóns dos recortes que introduce a súa redacción**”, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos remitimos á información facilitada polo Conselleiro de Sanidade para dar resposta ás interpelacións acumuladas números 13965 e 14385 debatidas no Pleno do día 13 de setembro de 2017, sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26629
Data envío: 21/02/2018 09:09:31.807

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:09:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14407**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación das pensións en Galicia, as actuacións postas en marcha e as previstas para reverter o nivel que presentan en relación co resto do Estado, así como as levadas a cabo para atender as necesidades das mulleres maiores de 65 anos que se atopan baixo o limiar da pobreza na comunidade autónoma”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 31.01.2018- ao darlle resposta á pregunta 22674 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26626
Data envío: 21/02/2018 09:08:59.526

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:08:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de obras para a recuperación e rexeneración do espazo natural entorno á Praia da Carabuxeira (Sanxenxo)”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia limítase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, sí que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto propónse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Por último, sinalar que Portos de Galicia ten en marcha a execución do acordo parlamentario mediante o cal se está a buscar unha solución técnica a través dunha mesa de traballo a tres bandas na cal están presentes as tres partes implicadas (Concello, Demarcación de Costas e Portos de Galicia).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26634
Data envío: 21/02/2018 09:10:31.886

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:10:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18594**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“os avances acadados polo grupo de traballo formado por Portos de Galicia, a Demarcación de Costas e o Concello para a establecer un plan de actuación co fin de reparar o impacto das obras de construción do dique de abrigo do porto de Sanxenxo na praia da Carabuxeira e o seu contorno, nas vivendas afectadas e no litoral, a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade do recheo de area previsto para o próximo verán e o seu financiamento, así como o prazo estimado para a execución das medidas correctoras para devolver esa praia ao seu estado anterior”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia límitase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, si que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto propónse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.

Por último, sinalar que Portos de Galicia ten en marcha a execución do acordo parlamentario mediante o cal se está a buscar unha solución técnica a través dunha mesa de traballo a tres bandas na cal están presentes as tres partes implicadas (Concello, Demarcación de Costas e Portos de Galicia).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26607
Data envío: 21/02/2018 09:05:02.571

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:04:58



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13916**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para favorecer a recuperación do mosteiro de Santa María a Real, de Oia”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta 23626, na Comisión 4ª do 8.2.2028. Remitímonos ao alí exposto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26636
Data envío: 21/02/2018 09:10:51.198

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:10:46



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17665**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre “ **a fundamentación da decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula, o número de aulas nas que se está a incumprir esa relación e as previsións respecto da redución das establecidas na actualidade**”, (publicada no BOPG número 188 do 6 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23405 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26612
Data envío: 21/02/2018 09:05:57.915

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:05:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18597**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o sector editorial en Galicia e, en concreto, a edición en lingua galega, as súas razóns para non desenvolver nos últimos dez anos a Lei do libro e da lectura de Galicia, para non aprobar o plan director do libro anunciado e para non convocar o Consello Asesor do Libro desde 2010, así como as medidas previstas para impulsar a edición en galego”**, (publicada no BOPG número 194 do 17 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21820 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.

Lembrar que a Biblioteca e Arquivo de Galicia acolleu o pasado 15 de decembro de 2017 a reunión do Consello Asesor do Libro, un organismo dedicado ao estudo e ao asesoramento sobre as políticas relacionadas coa Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.

Asemade, o pasado 23 de xaneiro de 2018 tivo lugar a primeira xuntanza do grupo de traballo para a dinamización da lectura en Galicia, do que forman parte a Administración cultural galega e o sector.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26652
Data envío: 21/02/2018 09:20:03.968

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:19:58



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21036**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa exclusión do alumnado repetidor do cómputo para a determinación das ratios máximas de alumnado por aula, así como a necesidade de manter a vixencia do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23405 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26602
Data envío: 21/02/2018 09:04:07.836

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:04:02



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22176**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración que fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da situación do sector do libro en galego, das demandas dos representantes do sector e as medidas que ten previsto adoptar para ampliar os índices de lectura”**, (publicada no BOPG número 237 do 11 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Cabe sinalar que a Biblioteca e Arquivo de Galicia acolleu o pasado 15 de decembro de 2017 a reunión do Consello Asesor do Libro, un organismo dedicado ao estudo e ao asesoramento sobre as políticas relacionadas coa Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.

Asemade, o pasado 23 de xaneiro de 2018 tivo lugar a primeira xuntanza do grupo de traballo para a dinamización da lectura en Galicia, do que forman parte a Administración cultural galega e o sector.

Por outra banda, a información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 21820 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/02/2018; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26598
Data envío: 21/02/2018 09:03:23.305

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:03:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14050**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a postura do Goberno galego en relación coa supresión dos Rexistros da Propiedade prevista no Real Decreto 195/2017 e as consecuencias desa supresión”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos rexistros é competencia do Ministerio de Xustiza, que tramitou no seu día unha modificación da demarcación rexistral a través do Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2017. En dita norma, establécense tamén os criterios para proceder a esta modificación.

O Real Decreto 195/2017 establece unha reagrupación dos rexistros, non unha supresión. Isto é, trátase de agrupar dous o máis rexistros da propiedade baixo a titularidade dun único rexistrador ou rexistradora da propiedade, mantendo abertas ao público as oficinas xa existentes para todas as operacións que lle son propias.

Así, en cada unha das reagrupacións que se producen en Galicia, un concello será a cabeceira e destino do rexistrador ou rexistradora, pero nos outros continuarán as oficinas rexistrais abertas ao público, polo que non se producirá ningunha supresión de servizos no rural.

Por último, cómpre subliñar que o Goberno galego se interesou desde o primeiro momento por este asunto, mesmo conseguindo que se incluía no decreto estatal a súa demanda no referido ao número de asentos rexistrais mínimos. Nun primeiro momento, o decreto

sinalaba que foran agrupados os rexistros que non chegaran aos 1.800 asentos, e conseguiuase que a cifra final descendese aos 1.000 asentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26486
Data envío: 19/02/2018 14:24:31.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:24:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14062**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego en relación coa supresión de Rexistros da Propiedade e Mercantís como consecuencia do Real Decreto 195/2017”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos rexistros é competencia do Ministerio de Xustiza, que tramitou no seu día unha modificación da demarcación rexistral a través do Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2017. En dita norma, establécense tamén os criterios para proceder a esta modificación.

O Real Decreto 195/2017 establece unha reagrupación dos rexistros, non unha supresión. Isto é, trátase de agrupar dous o máis rexistros da propiedade baixo a titularidade dun único rexistrador ou rexistradora da propiedade, mantendo abertas ao público as oficinas xa existentes para todas as operacións que lle son propias.

Así, en cada unha das reagrupacións que se producen en Galicia, un concello será a cabeceira e destino do rexistrador ou rexistradora, pero nos outros continuarán as oficinas rexistrais abertas ao público, polo que non se producirá ningunha supresión de servizos no rural.

Por último, cómpre subliñar que o Goberno galego se interesou desde o primeiro momento por este asunto, mesmo conseguindo que se incluía no decreto estatal a súa demanda no referido ao número de asentos rexistrais mínimos. Nun primeiro momento, o decreto

sinalaba que foran agrupados os rexistros que non chegaran aos 1.800 asentos, e conseguiuuse que a cifra final descendese aos 1.000 asentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26484
Data envío: 19/02/2018 14:24:12.694

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:24:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14091**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as distintas formas de rexeitamento que tiveron lugar en Galicia en relación co Real Decreto 195/2017, que suprime dez Rexistros da Propiedade na Comunidade”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A ordenación dos rexistros é competencia do Ministerio de Xustiza, que tramitou no seu día unha modificación da demarcación rexistral a través do Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo, publicada no Boletín Oficial do Estado do 4 de marzo de 2017. En dita norma, establécense tamén os criterios para proceder a esta modificación.

O Real Decreto 195/2017 establece unha reagrupación dos rexistros, non unha supresión. Isto é, trátase de agrupar dous o máis rexistros da propiedade baixo a titularidade dun único rexistrador ou rexistradora da propiedade, mantendo abertas ao público as oficinas xa existentes para todas as operacións que lle son propias.

Así, en cada unha das reagrupacións que se producen en Galicia, un concello será a cabeceira e destino do rexistrador ou rexistradora, pero nos outros continuarán as oficinas rexistrais abertas ao público, polo que non se producirá ningunha supresión de servizos no rural.

Por último, cómpre subliñar que o Goberno galego se interesou desde o primeiro momento por este asunto, mesmo conseguindo que se incluía no decreto estatal a súa demanda no referido ao número de asentos rexistrais mínimos. Nun primeiro momento, o decreto

sinalaba que foran agrupados os rexistros que non chegaran aos 1.800 asentos, e conseguiuase que a cifra final descendese aos 1.000 asentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26482
Data envío: 19/02/2018 14:23:52.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:23:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16418**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica e as consecuencias para Galicia da anulación do concurso eólico do Goberno bipartito”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“As últimas sentenzas demostran que a seguridade xurídica do concurso eólico galego está blindada, e ratifican a legalidade e a constitucionalidade da lei eólica tramitada por este Goberno. Ademais, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créase o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, xa se contemplaba a posibilidade de que as empresas que se presentaran ao concurso do Bipartito tivesen dereito á indemnización polos gastos xustificados e imprescindibles nos que tivesen incorrido.

Por outra banda, mencionar que este Goberno está a marcar desde sempre unha senda para a dinamización do sector eólico baseado no rigor, adoptando diferentes medidas técnicas, administrativas, legais e financeiras. Este marco de apoio, xunto ás últimas poxas de enerxías renovables, teñen posibilitado a oportunidade de que Galicia poida superar os 4.000 MW en funcionamento en 2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26617
Data envío: 21/02/2018 09:06:48.306

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:06:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18284**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida ás posibles repercusións na industria electrointensiva galega das modificacións que pretende o Goberno central no sistema de poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica, a realización dalgunha avaliación e o mantemento dalgunha interlocución co Goberno central ao respecto, así como a solicitude da opinión das empresas afectadas”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central continúa a traballar nunha adaptación dos mecanismos actuais en concordancia con compromisos europeos adquiridos e a súa adaptación á normativa comunitaria. Así pois, desde a Xunta estase en contacto co Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital para que o futuro sistema aporte máis certeza e máis garantías ao desenvolvemento da actividade e investimentos das empresas electrointensivas afincadas en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26610
Data envío: 21/02/2018 09:05:37.384

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:05:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12715**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a política do Goberno galego en relación á mellora das posibilidades de pesca do boquerón na zona IXa”**, (publicada no BOPG número 157 do 3 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do Ices á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguíuse intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios de outras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26500
Data envío: 19/02/2018 14:27:02.429

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:58



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 14344**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da redución do número de traballadores do mar en Galicia desde o ano 2009”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Desde xaneiro de 2016 gañamos afiliados ao Instituto Social da Mariña, e ademais, o saldo con decembro 2017 é positivo en 259 persoas. Pola contra, cómpre lembrar que entre 2005 e 2009 se perderon un total de 3.887 afiliados.

En todo caso, dende a Consellería do Mar seguiremos apostando por aumentar as cotas de pesca para Galicia, que dende o 2009 o fixeron en máis de 80.000 toneladas e que supuxo un aumento na facturación de máis de 200 millóns de euros.

Por último, seguimos apostando pola formación, de xeito que para os orzamentos deste ano 2018 se incrementa un 2,5% os fondos destinados ás ensinanzas marítimo–pesqueiras, acumulando xa unha suba do 7% nos dous últimos orzamentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26494
Data envío: 19/02/2018 14:26:07.179

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:26:03



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14346**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia en relación coa cota de pesca de anchoa en Galicia e as posibles sancións a impoñer aos mariñeiros galegos por ter superado esa cota”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do Ices á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguiuase intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios de outras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26632
Data envío: 21/02/2018 09:10:03.245

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:09:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26630
Data envío: 21/02/2018 09:09:42.292

Data 21/02/2018 09:09

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 14367**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non consignar os recursos necesarios para a execución das obras de remodelación pendentes no porto de Cesantes, no concello de Redondela, o calendario previsto para ese fin e as partidas orzamentarias que se van destinar para o ano 2018 para o seu remate”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

““A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 23.11.2017- ao darlle resposta á pregunta 12793 sobre similar tema”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26630
Data envío: 21/02/2018 09:09:42.292

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:09:37



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 14391**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito "Marteilia refrigens" e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron 5 proxectos de investigación específicos con cargo ós fondos da Consellería do Mar e desenvolto no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Id	Título accións investigaciónConsellería do Mar	Anualidades
1	Estudio da marteilíose que afecta aos berberechos <i>Cerastodema edule</i> de Galicia	2013-2014
2	Posta a punto das técnicas de cultivo en criadeiro das especies do xénero <i>Cerastoderma</i> de Galicia	2014-2016
3	Epidemioloxía da enfermidade causada por <i>Marteilia cochillia</i> nas poboacións de berberecho <i>Cerastoderma edule</i> de Galicia. En colaboración co CSIC	2015-2017
4	CROQUEDOUS – Engorde en batea de semente de berberecho producida en criadeiro. Mellora da metodoloxía de cultivo	2016-2018
5	Determinación da posible resistencia á marteilíose dunha cohorte de berberecho <i>C. edule</i> detectada no banco de O Ariño (Vilanova de Arousa)	2107-2018



Estes proxectos están dedicados a:

- Ampliar o coñecemento da enfermidade, os mecanismos de transmisión e os organismos involucrados nela.
- Investigar os protocolos de cultivo de berberecho -un eido que ata o de agora non estaba desenvolto- co obxectivo principal de poñer a punto o cultivo da especie, para proceder máis adiante á selección de estirpes resistentes e repoboar zonas con cría cultivada en hatchery

Ademais, a UE aprobou o proxecto de cooperación COCKLES, que ten como obxectivo recuperar e aumentar a produción de berberecho nas rexións do Espazo Atlántico da UE nas que ten relevancia económica, como por exemplo Galicia. Este proxecto estará xestionado e coordinado pola Xunta, a través de dous centros dependentes da Consellería do Mar.

Todo isto sen ter en conta os proxectos habituais de seguimento científico –técnico das poboacións e explotación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, desenvolto polo CIMA.

Por outra banda, para facer fronte aos trastornos ocasionados ao sector por esta enfermidade no berberecho, o 30/12/2015 aprobouse a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establece unha veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, Boído, Cabío e outras zonas), na cal se regularon as bases e a convocatoria para o ano 2016 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, por paralización temporal da actividade marisqueira ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas por esta medida de conservación (cofinanciadas ao 50% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca), pola que se subvencionou un cese de extracción nas zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa entre 2016 e 2017 e a causa da caída produtiva do berberecho, que deu lugar a un reparto de **1.430.100 € entre 358 armadores e 147 tripulantes da ría de Arousa.**

Así mesmo, dende o ano 2012, a Consellería do Mar emitiu os informes xustificativos dos peches por causa de forza maior nas campañas de libre marisqueo a flote na ría de Arousa, o que permitiu ao sector acceder a prestación do ISM por cese de actividade por causa de forza maior.

Por último, cabe sinalar un ápice de optimismo nesta situación, xa que os últimos datos produtivos do berberecho na ría de Arousa amosan que dende o 2016 hai unha recuperación tanto en kg



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26628
Data envío: 21/02/2018 09:09:20.307

extraídos como en euros obtidos en 1ª venda, estando dende entón moi por riba da media dos catro anos anteriores.

En resumo, a Consellería do Mar leva traballando desde o primeiro momento para solventar a situación acometendo as medidas oportunas para afrontar esta problemática”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 8a2e5a39-75c5-de25-f317-159f48661dc8

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 3 de 3

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26628
Data envío: 21/02/2018 09:09:20.307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:09:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26627
Data envío: 21/02/2018 09:09:10.041

Data 21/02/2018 09:09

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 14392**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para recuperar a extracción do reló nos bancos marisqueiros”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 24.10.2017- pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ao darlle resposta á pregunta 17235 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26627
Data envío: 21/02/2018 09:09:10.041

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:09:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14701**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á semente de moluscos bivalvos que se está a importar con destino aos bancos marisqueiros de Galicia, a existencia de demanda do sector marisqueiro para a súa produción e as previsións da Consellería do Mar respecto da instalación de criadeiros no litoral galego, así como o número dos existentes na actualidade, a súa localización e funcionamento”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promocionar o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca ‘pescadeRías, de onde se non?’.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26625
Data envío: 21/02/2018 09:08:49.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:08:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14717**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ter presentado ningunha solicitude diante do Instituto Social da Mariña para a inclusión dos colectivos de percebeiros, mariscadores, redeiras e outros que non realizan a súa actividade a bordo de embarcacións e susceptibles de sufrir accidentes, na lexislación estatal que regula a concesión de prestacións asistenciais para traballadores do mar, as actuacións levadas a cabo para ese fin e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 170 do 6 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que tanto as persoas percebeiras, mariscadoras e redeiras teñen dereito a todas as prestacións sociais ao igual que o resto de traballadores/as, agás no caso das axudas non contributivas de pago único, para aquelas persoas embarcadas e nas que se abona soamente por casos concretos, por exemplo:

- Perdas de equipaxe no caso de naufraxio
- Traslado en caso de falecemento ou enfermidade que esixa evacuación (e non estea cuberta polo seguro do buque ou empresa)

Por outra banda, cómpre lembrar que o ano pasado foi convocada a Comisión Sectorial de Política Social do Consello Galego de Pesca, tanto para analizar estes casos máis pormenorizadamente xunto ás posibles accións a adoptar nun futuro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26624
Data envío: 21/02/2018 09:08:20.479

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:08:11



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16115**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á venda no ano 2012 dos dous helicópteros de salvamento marítimo mercados polo Goberno galego no ano 2005 e contratación das actuais aeronaves, así como a valoración do Goberno galego respecto da privatización dese servizo”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A adxudicación do servizo autonómico de salvamento marítimo realizouse con total transparencia e cumprindo estritamente a lexislación. A empresa á que se adxudica o contrato foi a única admitida na licitación e a súa oferta cumpre con todas as prescricións técnicas que figuran nos pregos.

Sobre a consulta pública e o prezo do contrato, sinalar que a licitación deste servizo realizada en abril de 2017 por un prezo de 6,5 millóns de euros anuais quedou deserta. Só se presentou unha oferta que non foi admitida por incumprimento dos requisitos mínimos de solvencia económica e técnica.

Por este motivo, a Consellería do mar impulsou unha consulta pública de mercado totalmente transparente con obxecto de solicitar información sobre as estruturas de custos reais e actualizadas que supón a prestación do servizo dun helicóptero con destino ás misións propias do servizo de salvamento marítimo de Galicia. Desta consulta resultou o prezo de 8,2 millóns de euros anuais (32,9 millóns de euros para o período de catro anos).

Este prezo non supón un encarecemento do servizo con respecto ao contrato adxudicado no ano 2012, de feito, ten un custo inferior.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26479
Data envío: 19/02/2018 14:23:06.756

No contrato asinado no ano 2012 o custo do servizo foi de 8,9 millóns de euros anuais, supoñendo, por tanto, a partir de agora un aforro de 700.000 euros anuais. O servizo non se encarece, ao contrario, rebáixase nun total de 2,4 millóns de euros para todo o período do contrato.

Por outra banda, en canto á venda dos helicópteros, ao igual que calquera outra máquina deste calibre, as aeronaves van envellecendo e requiren dun maior mantemento. Tras sometelo a criterio técnico e a unha taxación, no 2012 decidiuse optar por unha fórmula que permitise no futuro acceder a un Servizo de salvamento máis moderno e eficaz”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26479
Data envío: 19/02/2018 14:23:06.756

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:23:02



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 16511**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia de subministración suficiente de semente de ameixa xapónica para atender a demanda que hai en Galicia, a opinión do Goberno galego en relación coa eficiencia da súa produción para a rexeneración dos bancos marisqueiros e o cultivo en parques, así como as medidas adoptadas ou previstas para diferenciar a producida en Galicia da procedente doutros lugares, as razóns da súa exclusión das ordes de axuda da Consellería do Mar e os prexuízos que ocasiona esta medida nas agrupacións de mariscadoras”**, (publicada no BOPG número 177 do 19 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O incremento da produción de bivalvos implica tamén unha maior necesidade de semente, pero iso non significa que en Galicia non haxa capacidade de produción suficiente para abastecer estas necesidades.

Por outra banda, a Consellería do Mar ten claros os seus obxectivos de garantir, buscar a mellora e promover o produto galego, entre eles o marisco, e utiliza os mellores medios para iso. Baste como mostra a marca pescadeRías, de onde se non?.

En definitiva, estanse realizando por parte da Xunta de Galicia accións coherentes e congruentes dirixidas a potenciar o desenvolvemento do marisqueo, incluíndo o relativo á produción de semente, e promocionando e protexendo o nome e orixe do marisco galego”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:31
Nº Rexistro: 26507
Data envío: 19/02/2018 16:31:55.540

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 16:31:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19464**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as conclusións dos traballos levados a cabo polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos dende o 1 de xaneiro de 2016, en desenvolvemento do convenio de colaboración asinado coa Conselleira do Mar o 29 de decembro de 2015, as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego e os proxectos que se están a valorar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Convenio que a Consellería do Mar asinou o 29/12/2015 co Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos, tiña como obxecto a realización polos facultativos do COIN de traballos de valoración, seguimento e control de proxectos de investimento subvencionables polo FEMP.

Polo tanto, os traballos realizados ao seu amparo, céntranse exclusivamente no obxecto propio, colaborando coa Consellería do Mar na boa execución do FEMP, sen que teña ningún outro cometido.

Este Convenio non é o primeiro, senón que xa no ano 2007, en concreto o 10 de maio, foi asinado un Convenio entre a daquela Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o COIN para a realización de certos traballos. Posteriormente o 21 de novembro de 2007 modificouse, ampliándose o seu obxecto para a realización de traballos vinculados co IFOP.

Este Convenio finalizou o 17 de abril de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26474
Data envío: 19/02/2018 14:21:58,349

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:21:53



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **19572**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“o coñecemento pola Xunta de Galicia da posición das confrarías galegas respecto das intencións da Consellería do Mar de abandonar a xestión das zonas marisqueiras, as razóns desa decisión e os posibles compromisos que podería asumir no tocante á evolución da produción marisqueira no caso de adoptar un modelo de xestión dirixido polo conxunto das confrarías de cada ría, así como as súas estimación referidas ao seu impacto no mantemento e calidade do emprego dependente do mar”**, (publicada no BOPG número 207 do 8 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, cómpre analizar o número de permex nos últimos 12 anos. Así, mentres no período 2005-2009 o número de altas de novos permisos de marisqueo a pé foi de 633, durante o período 2009-2014 foi de 1.053 permex, e 949 dos últimos 3 anos, o que representa un 66,3 % máis e un 50% máis, respectivamente, con respecto ao período anterior 2005-2009.

Ademais, para 2018 prevese a convocatoria de máis de 300 permisos de explotación para marisqueo a pé xeral e de recursos específicos.

Por outra banda, a Consellería do Mar, a longo dos diversos períodos de programación de fondos europeos, subvencionou actuacións de mellora da xestión e conservación dos recursos marisqueiros, coñecidos como proxectos de rexeneración .

Ao longo do período 2010-2017, recuperáanse máis de 11 millóns de metros cadrados de superficie, grazas á execución de 200 proxectos de confrarías e entidades asociativas, cun financiamento de arredor de sete millóns de euros.

A maiores, a recuperación de mellora dos hábitats mariños é unha das liñas prioritarias e de continuidade para esta lexislatura. De feito, ao abeiro do FEMP, para o período 2016-2020, investiranse 37 millóns de euros para protexer e recuperar a biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, e fomentar a sensibilización ambiental.

Por último, non consta deste Departamento ningún malestar por parte das Confrarías con respecto a este asunto formulado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26444
Data envío: 19/02/2018 14:05:17.983

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:05:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19732**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante dunha posible sanción á flota galega do cerco para o ano 2018 por superar a cota de bocareu na zona IXa, a súa opinión referida á suficiencia da cota asignada na actualidade a Galicia e a diferenza existente con Andalucía no stock desa especie, así como os beneficios que van derivar para esa cota do novo plan de xestión comprometido”**, (publicada no BOPG número 211 do 15 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, hai que sinalar que non existen neste momento comunicada ningunha sanción por sobrepesca de anchoa do stock da zona IXa do Ices á frota de cerco galega.

Por outra banda, pese ao peche precautorio de anchoa IXa para a frota de cerco do Caladoiro Nacional Cantábrico Noroeste, conseguíuse intercambios con Portugal que permitiron unha redución da suposta sobrepesca desta especie. Ademais, no derradeiro trimestre do ano, mesmo se conseguiu que barcos e asociacións fixeran intercambios doutras especies, en concreto xurelo, para obter anchoa desta zona, o que lles permitiu saír a pescala. A Consellería do Mar, traballou activamente coa Secretaría General de Pesca e outras Administracións para poder obter estes resultados.

As cesión e intercambios que permite o actual Plan de Xestión do Caladoiro Nacional, e que se mellorarán no futuro, poden xerar capacidade para achegar cotas de pesca das que nun momento dado non se ten suficiente”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26470
Data envío: 19/02/2018 14:21:09.052

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:21:03



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20640**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego do estudo realizado polo Instituto Español de Oceanografía en relación coa pesquería da cigala, a súa opinión referida ao mantemento do seu peche total para flota galega e as actuacións previstas para demandar a súa apertura para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 220 do 30 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente o pasado 23 de xuño de 2017 aprobouse non unha, senón varias Proposicións non de lei sobre a necesidade de reabrir a pesquería de CIGALA VIIIc para o ano 2018, todo a pesar que había unha intención de todas as forzas políticas en facer unha Proposición non de lei conxunta.

Por outra banda, efectivamente somos coñecedores dos resultados do estudo realizado polo IEO a propósito da pesquería da cigala, no que se recomenda a reapertura desta pesquería para a zona VIIIc, despois dos datos presentados para o ano 2015 e 2016 nos que se recoñecía a abundancia de stock.

Neste sentido, o ICES recomenda que haxa reaperturas con cuota reducida e que ademáis debe aplicar un enfoque de precaución para protexer as existencias nestas unidades.

Por último, os resultados das negociacións dos TAC e cotas para 2018, no tocante ao peche da cigala, a Comisión demandou ao Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) que reavalie a pesquería tendo en conta os datos achegados polo Goberno de España, cuestión de suma importancia xa que o ditame de peche era válido para os exercicios 2017, 2018 e 2019. Cabe sinalar tamén que nas augas de Gran Sol e Francia obtívose un aumento do 15% na cota da cigala”.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26501
Data envío: 19/02/2018 15:12:46.259

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 15:12:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20842**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións en materia de transparencia reflectidas no informe elaborado polo Instituto Internacional de Dereito e Medio Ambiente e titulado “O control e a execución da política pesqueira en España. Informe final 26.07.2017,” a elaboración pola Xunta de Galicia do informe final de resultados correspondente ao programa autonómico de control da rastrexabilidade dos produtos da pesca e da acuicultura e o cumprimento dos requisitos establecidos pola Unión Europea na materia, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O informe sobre ‘Control e a Execución da Política Pesqueira en España’ trata de examinar o grao de cumprimento por parte de España das obrigacións da UE en materia de control e execución da política pesqueira adoptando un dobre enfoque: por unha banda, examina o cumprimento dos Regulamentos da UE no ámbito Estatal e, por outro, aborda a análise no ámbito das Comunidades Autónomas.

En relación a este último, este informe céntrase nas comunidades de Andalucía e Galicia, atendendo ás cuestións específicas en materia de pesca que recaen baixo a súa exclusiva competencia.

No que respecta ás recomendacións para mellorar os controis sobre comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura para garantir un maior cumprimento dos requisitos da UE en materia de trazabilidade, temos que sinalar que estas recomendacións baséanse principalmente nas conclusións obtidas a partir dos datos relativos ao control sobre a

comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura e os sistemas de trazabilidade establecidos na C.A de Andalucía e non, por tanto, aos de Galicia.

Sinalar que se trata dun informe que se fai a catro Estados membros, precisamente aos máis potentes en pesca e con máis unidades pesqueiras.

As críticas aos sistemas de control son xerais aos catro estados revisados, abarcando un período moi amplo e que coincidía coa implantación da Política Pesqueira Común. No caso de España, inclúe o momento no que se afrontou unha reforma en profundidade do sistema, partindo dunha situación na que se viña de varias sancións derivadas das fallas do control (de xarda, por exemplo) e incluíndo a implantación do regulamento de control.

É esta normativa a que precisamente excepciona a un grupo moi importante da frota (a frota artesanal na que os estados obxecto do informe teñen a maior parte e un grande número de embarcacións) da monitorización, polo que non ten sentido verter esa crítica no informe. En todo caso, debe quedar claro que se está cumprindo a normativa.

Por outra banda, en canto á transparencia e a dispoñibilidade de datos sobre inspeccións e infraccións, débese ter en conta que este tipo de documentos conteñen datos persoais e información sensible que por protección de datos non podemos ofrecer, e sobre a transparencia, sementar dúbidas a estas alturas cando o Servizo de Análises e Rexistros rexistra, sistematiza e contabiliza cada ano máis de 4 millóns de notas de venda e máis de 300.000 documentos complementarios (de transporte, etc) é facerlle fraco favor ao sector.

En relación ás medias postas en marcha para aumentar a transparencia e dispoñibilidade de datos en materia de pesca, lembrar a existencia dende 2003 da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, núcleo dos sistemas de información no ámbito da Consellería de Mar da Xunta de Galicia onde se estruturan detalladamente os rexistros administrativos, os seguimentos da actividade, a primeira venda de produtos e, por último, unha relación con outros sistemas de información de interese para o sector, como avisos de alertas do Intecmar, Sanidade, etc.

Respecto das medidas adoptadas para mellorar a coordinación entre as diferentes autoridades competentes, foi en 2010 cando se procedeu a mellorar esta coordinación coa UPA, se reforzaron os medios humanos destinados á loita contra o furtivismo, cunha progresiva especialización, coa Garda Civil, tanto por mar (co Servizo Marítimo da Garda



Civil) coma por terra (co SEPRONA e tamén coa Agrupación de Tráfico), coas policía locais e cos 122 gardapescas das Confrarías.

Por último, deixar claro que Galicia cumpre plenamente coas indicacións que sobre este asunto se regulan dende a UE. E así o demostran día a día os funcionarios da Consellería do Mar.

Para ampliar a información sobre este asunto remitímonos á resposta dada pola secretaria xeral Técnica da Consellería do Mar, na comparecencia a petición propia na Comisión 8ª do 25 de xaneiro de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26468
Data envío: 19/02/2018 14:20:50.521

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:20:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21004**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a posición trasladada pola Xunta de Galicia á ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para a defensa dos intereses do sector pesqueiro galego diante dos demais ministros europeos de pesca e da Comisión Europea nas negociacións que se van levar a cabo no mes de decembro de 2017”**, (publicada no BOPG número 223 do 5 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, cómpre lembrar que foi a propia conselleira do Mar, quen acudiu a Bruxelas da man da Ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para representar a España no Consello no que se negocian os TACs e cotas para o ano 2018.

Así, Galicia avogaba por que as variacións de TACs e cotas entre un ano e outro estean dentro do 15% arriba ou abaixo.

Tras varios días de negociacións, temos que valorar os resultados como netamente satisfactorios en liñas xerais, sobre todo tendo en conta a situación de partida da Comisión Europea.

Así, dos 23 obxectivos de importancia sinalados para a negociación por parte de Galicia, conseguíronse total ou parcialmente 16 deles, o 69%.

Entre eles destaca a non inclusión dun TAC para a sardiña e o freo ao peche da anguía, que será sometida a unha veda de 4 meses.

Conseguíronse tamén avances importantes na pescada, tanto no Cantábrico Noroeste coma no Gran Sol. Así, no Cantábrico se conseguiu que só se rebaixase un 12% en lugar dun 30% que propuña inicialmente a Comisión. No caso do Gran Sol, a rebaixa da pescada quedou nun 7% en lugar do 30% proposto ao principio.

Ademais, hai que destacar o incremento da cota do galo no Cantábrico Noroeste, o mantemento da do rape e o aumento da cota da raia, que medrou nun 15%, unha especie moi importante para a nosa frota artesanal.



Pola contra, non se logrou frear a caída do xurelo nas augas de Fisterra cara ao sur. Non obstante, existe a posibilidade de que Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES) avalíe o trasvase de posibilidades de pesca entre as zonas VIIIc (Cantábrico) –na que se acadou un incremento da cota do xurelo dun 21%- e a IXa (de Fisterra cara ao sur), buscando un trasvase de cota que alcance entre o 15% e o 25%. Existe un compromiso adquirido por parte da Ministra Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para intentar equilibrar esa deficiencia, co que estaríamos nas mesmas posibilidades de pesca de xurelo que o ano pasado.

Por segmentos de frota, a do Gran Sol queda nunha boa situación tras a negociación. No caso da frota costeira, principalmente a de artes menores, cómpre mellorar a xestión en especies coma a pescada e neste sentido, xa houbo conversas para facer un plan de xestión trimestral e poder axustar mellor o esforzo pesqueiro ás posibilidades de pesca.

En resumo, Galicia poderá pescar no ano 2018 un 4% máis con respecto á proposta inicial da Comisión Europea, e das 36 cotas principais que posúe España na área do Atlántico europeo, hai que sinalar que:

- Soben 9 (25%)
- Mantéñense 17 (47%)
- Baixan 10 (27%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26466
Data envío: 19/02/2018 14:20:32.489

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:20:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21535**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os datos referidos ás convocatorias e cursos de formación levados a cabo pola Consellería do Mar ano 2017 en materia náutico-pesqueira, técnicas de mergullo, seguridade e acuicultura, así como a tramitación das solicitudes presentadas polo alumnado”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro informa que no ano 2017 as convocatorias de cursos realizadas foron 249 beneficiándose 3.308 persoas, das cales 10 foron na modalidade de teleformación (mariñeiro pescador on line) formándose 143 persoas, das 600 prazas convocadas (60 por curso).

Admitíronse todas as solicitudes presentadas que cumprían coas condicións requiridas para realizar os diferentes cursos (patrón/a costeiro polivalente, patrón/a local de pesca, mariñeiro/a pescador, patrón/a portuario, mecánico/a maior naval, mariñeiro/a de ponte, mariñeiro/a de máquinas, operador/a restrinxido de SMSSM e a súa actualización, avanzado en loita contra incendios e a súa actualización, embarcacións de supervivencia e botes de rescate non rápidos e a súa actualización, formación sanitaria inicial e avanzada e as súas actualizacións, formación básica e a súa actualización, certificado de mariscador/a e de percebeiro/a).

En canto ás convocatorias de 2017 relacionados con técnicas de mergullo, houbo 6, dos cales 4 cursos correspondéronse con recolector de recursos específicos con técnicas de mergullo, 1 curso de iniciación ao mergullo profesional e 1 curso de 2ª clase restrinxida de mergullo profesional.

Polo que respecta aos alumnos que quedaron nas listaxes de reserva, sinalar que en 4 destes 6 cursos non se cubriron todas as prazas. Tamén se fixeron 4 cursos de primeiros auxilios de mergullo profesional e 5 cursos de reciclaxe de primeiros auxilios de mergullo profesional. Cómpre sinalar que estes cursos fanse a demanda. En suma, na modalidade de mergullo, o número de cursos foi de 15 formándose 150 persoas.

No tinxinte á Aula de Seguridade da EONP de Ferrol, no ano 2017 téñense realizado un total de 35 cursos, beneficiándose 240 persoas. Algún destes cursos se realizaron sen cubrir todas as prazas convocadas. Tamén indicar que na aula de seguridade se realizaron varios cursos destinados os alumnos/as dos ciclos regrados da EONP de Ribeira e do IPMP do Atlántico de Vigo.

Por último, no ano 2017 se realizaron 14 cursos de acuicultura beneficiándose 160 alumnos/as. Ademais, admitíronse todas as solicitudes presentadas que cumprían coas condicións requiridas para realizar os cursos de acuicultura.

En total, estamos a falar de 313 cursos realizados en 2017 dos que se beneficiaron preto de 4.000 alumnos/as .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26464
Data envío: 19/02/2018 14:20:13.177

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:20:08



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26462
Data envío: 19/02/2018 14:19:53.598

Data 19/02/2018 14:19

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22576**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a garantía pola Consellería de Sanidade da entrega dos informes clínicos a todos os pacientes que solicitan altas voluntarias no Sistema público de saúde de Galicia, a súa opinión referida á queixa presentada ante o Valedor do Pobo pola Asociación de Médicos Interinos de Galicia e a existencia dalgunha outra formulada respecto disto por pacientes”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde, cumprindo coa lexislación vixente, facilita os informes clínicos que acompañan ás altas, incluídas as altas voluntarias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 96fe2ec8-70d6-f656-0439-48cbc09f0b76

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26462
Data envío: 19/02/2018 14:19:53.598

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:19:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26597
Data envío: 21/02/2018 09:03:01.227

Data 21/02/2018 09:02

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 22592**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista ao respecto”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 6.02.2018- pola conselleira do Mar ao darlle resposta á pregunta 22591 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 26597
Data envío: 21/02/2018 09:03:01.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/02/2018 9:02:35



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23617**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reforma impulsada polo Goberno galego relativa ao sector das farmacias e á redución á metade da puntuación do coñecemento da lingua galega no baremo específico de méritos para a adxudicación de novas oficinas de farmacia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto de decreto para a modificación do Decreto 146/2001, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, ten como principal finalidade mellorar o procedemento de concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia simplificándoo para que resulte máis áxil e sinxelo e de máis pronta resolución, e ademais establecer un baremo equilibrado que permita a valoración dos méritos das persoas concursantes axustada ao desempeño profesional que levarán a cabo, dentro do marco previsto na Lei 5/99 de Ordenación Farmacéutica. Así se teñen en conta os seguintes aspectos no proxecto de decreto, neste momento en exposición pública:

- experiencia profesional	60 puntos
- méritos académicos	15 puntos
- formación continuada	10 puntos
- publicacións	4 puntos
- coñecemento galego	5 puntos
- discapacidade	5 puntos
- fomento e creación de emprego	1 punto

No caso do coñecemento da lingua galega se adaptou a máxima valoración que ten na actualidade nas convocatorias de concursos-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26461
Data envío: 19/02/2018 14:19:44.583

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:19:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23905**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade respecto da distribución pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de agasallos nos que se exclúe o uso da lingua galega”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) ten entre as súas funcións a atención axeitada ao doador, en todos os ámbitos comprendidos no proceso de doazón, tanto na fase previa como na posterior.

A información facilitada tanto no ámbito médico (trípticos informativos), como no loxístico (anuncio das colectas) e nas distintas canles de comunicación cos doadores (redes sociais, correo convencional ou electrónico, SMS) e mesmo nas campañas de comunicación, a Axencia é respectuosa e responsable co uso dos dous idiomas oficiais da nosa comunidade autónoma.

Nos agasallos que completan a atención no proceso de doazón, e materializan de forma simbólica o agradecemento a un acto solidario, altruísta, voluntario e xeneroso, tentamos reflectir o mesmo trato profesional e respectuoso, cara ao doador e cara á lingua, que caracteriza o resto do proceso, personalizando os nosos agasallos sempre en galego e castelán, para satisfacer as preferencias dos nosos doadores e dar cumprida resposta á normativa vixente.

No caso concreto da almofada para o rato do ordenador personalizouse tanto en galego como en castelán, coa lenda 'cada gota...conta' engadíndose nesa personalización o nome da Axencia. A proposta fíxose sobre unha maqueta.

Desde a Axencia de Doazón e Sangue continuaremos fomentando o uso do galego e dando

cumprimento a a normativa sobre normalización lingüística.

Desde o momento no que tivemos coñecemento deste incidente, déronse instrucións para a substitución deste agasallo en todos os puntos (unidades móbiles e locais de doazón) nos que estaba a ser distribuído.

A cantidade dedicada á compra deste agasallo foi de 14.980 euros +IVE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26460
Data envío: 19/02/2018 14:19:35.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:19:30



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24338**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión da Consellería de Sanidade referida á xestión levada a cabo coa privatización da electromedicina e as medidas previstas para evitar as deficiencias detectadas nos servizos prestados e os sistemáticos incumprimentos da empresa adxudicataria durante a vixencia do anterior contrato”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo integral de mantemento de equipamento electromédico é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar os equipos de electromedicina e as instalacións propias para o seu funcionamento en condicións óptimas, para conseguir a dispoñibilidade dos equipos o maior tempo posible e de forma máis eficaz e económica a longo prazo, así como prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as que foron deseñadas, mantendo os parámetros de seguridade e respectando os requirimentos do fabricante e as normas vixentes relacionadas co obxecto do contrato.

Efectivamente o servizo adxudicouse por procedemento aberto garantindo a transparencia e libre concorrência á empresa Ibérica de Mantenimiento S.A. e unha vez rematada a duración do seu contrato cada unha das EOXIS realizarán a licitación dos lotes correspondentes, en función do seu equipamento e das súas necesidades.

Os procedementos de contratación, salvo por razóns técnicas que o xustifiquen, teñen que ser abertos e de licitación pública. A oferta de Ibermansa foi a máis ventaxosa, tanto nas avaliacións de calidade coma na económica. Iberman SA, é unha empresa de mantemento que pode contratar coa administración xa que, neste momento, non está incluída en ningún

CVE-PREPAR: c4ab59a4-de44-dda7-5fc9-21cc3f6507c6

dos casos que regula a lei de contratos do sector público para que estea prohibido contratar con ela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: c4ab59a4-de44-dda7-5fc9-21cc3f6507c6

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26459
Data envío: 19/02/2018 14:19:25.395

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:19:20



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24401**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos á viaxe oficial a Bruxelas iniciada polo conselleiro de Sanidade, xunto coa directora da Axencia de Xestión do Coñecemento en Saúde, o día 5 de decembro de 2016, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As persoas que integraron a viaxe a Bruxelas foron o Conselleiro de Sanidade e a Directora de ACIS.

Os gastos da viaxe ascenderon a 558,8 € en concepto de billetes de avión e de 603,28 € en concepto de aloxamento.

A avaliación da viaxe foi positiva e cumpriu cos obxectivos ao permitir coñecer como se abordan os retos sobre o envellecemento activo e saudable noutras rexións europeas así como abordar outras cuestións de tanto interese como as aplicacións de saúde móbil para a prevención, a utilización dos FEDER para innovar en saúde, etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26458
Data envío: 19/02/2018 14:19:14.786

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:19:10



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24834**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto, na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas ante a problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e ao número de tarxetas adscritas ao centro”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto comezou a súa actividade o 20 de novembro de 2017, con normalidade e sen incidencias grazas á planificación previa con reforzos das áreas administrativas en ambos centros de saúde, tanto no Nóvoa Santos como no do Couto.

Informouse a poboación a través dos medios de comunicación da súa apertura e tamén enviáronse cartas persoais a cada un dos usuarios cuxo médico se trasladaba do Centro de Saúde Nóvoa Santos ao Centro de Saúde do Couto para que exercesen o seu dereito á libre elección de facultativo e centro de saúde, nos casos nos que non lle conviñese o cambio de centro.

Con data 11 de novembro de 2017 a poboación adscrita ao Centro de Saúde Nóvoa Santos, con datos de tarxeta sanitaria, era de 31.697 e a 12 de xaneiro de 2018 a poboación adscrita, segundo tarxeta, é de 24.246 TIS.

O cadro de persoal previo no CS Nóvoa Santos era de 20 médicos, 4 pediatras, 22 enfermeiras, 1 odontólogo, 1 hixienista, 1 farmacéutico, 2 traballadores sociais, 1 auxiliar, 3 matronas e 10 psx e trala apertura do CS do Couto a dotación de médicos no CS Nóvoa Santos, no momento actual, é de 15 médicos de familia, 3 pediatras, 16 enfermeiras, 8 psx e no resto das categorías profesionais mantense a mesma dotación.

No CS do Couto hai 5 médicos de familia, 5 enfermeiras, 1 pediatra, 1 enfermeira de pediatra, 2 administrativas en quenda de mañá e 1 administrativo en quenda de tarde. O número de tarxetas sanitarias a 12 de xaneiro de 2018 é de 7.414 TIS.

O número de pediatras do CS Nóvoa Santos previo a apertura do CS do Couto era de 4 e na actualidade é de 3. O número de pediatras do Centro de Saúde do Couto é de 1 pediatra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 26457
Data envío: 19/02/2018 14:19:04.317

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/02/2018 14:18:41

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727